

Master - Class

IMPROVISACIÓN, GUITARRA Jazz e CONXUNTO

JOHN STOWELL

Reputado guitarrista norteamericano de jazz, caracterízase polo desenvolvemento dunha técnica autodidacta como instrumentista con un amplo número de edicións publicadas en países coma Argentina, Italia, Alemania, Australia, Portugal, Inglaterra, Canadá, Australia, etc.

Como intérprete e en colaboración co contrabaixista David Friesen, obtivo dúas nominacións ós Academy Awards de curtametraxes. John Stowell xunto a Paul Horn, Robin Horn e o propio David Friesen, foron os primeiros músicos de jazz norteamericanos en 40 anos da Guerra Fria, en teren sido convidados para facer unha xira polos países da Unión Soviética.

No eido da interpretación de Jazz, ten tocado e gravado con músicos da talla de Milt Jackson, Lionel Hampton, Art Farmer, Herb Ellis, Bill Watrous, Billy Higgins, Billy Hart, Larry Coriel, Richie Cole, Tom Harrel, Dave Liebman e un largo etc. Como mestre guitarrista de jazz, é un músico altamente demandado para impartir clinics e master class, nas máis prestixiosas universidades e escolas de música de todo o mundo.



MÉRCORES 7 NOVEMBRO 2018

10:00h A 14:00h, AUDITORIO ANDRÉS GAOS

Prezo matrícula 20€ (inscrición na conserxería do centro)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA

csmcoruna.com